



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
(Escusa asistencia)	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (30/11/2022 e 21/12/2022)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 30/11/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 21/12/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, do POS + 2023 (Plan único de concellos)

Dáse conta das bases reguladoras do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS +2023) (Plan único de concellos), aprobadas pola Deputación Provincial con data vinte e cinco de novembro de 2022 (BOP núm. 228/22, do 1 de decembro)

Ao abeiro das mesmas, propónse ao Pleno:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A) Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	197.933,63
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	197.933,63

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamen to total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	
Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño	94.230,90	0	0	0	94.230,90
Subtotal investimentos achega provincial 2022	94.230,90	0	0	0	94.230,90

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
BANCO SABADELL	4.123,62
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	4.123,62

D.- RESUMO

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecemento. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	197.933,63			197.933,63
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				
	Achega 2023				



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	94.230,90	0	0	0	94.230,90
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	4.123,62				4.123,62
D.- TOTAL	Achega 2023	197.933,63	0	0	0	197.933,63
	Achega 2022	94.230,90	0	0	0	94.230,90
	Préstamo 2022	4.123,62				4.123,62
	TOTAL	296.288,15				196.288,15

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Colectores de saneamento en Fontao	121.999,76		121.999,76
Ampliación abastecemento a San Miguel de Sarandón	176.072,70	30.558,07	145.514,63
TOTAIS	298.072,46	30.558,07	267.514,39

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o



concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster. Se ben é certo que poden estar de acordo coas obras que expoñen no complementario, no tema do saneamento estase a comezar en Vedra. O millón de euros que se conseguiu a través do convenio con Augas de Galicia vai para San Mamede e Santa Cruz, e outras parroquias como San Miguel e San Pedro de Sarandón estanse quedando atrás en abastecemento e saneamento.

Como en anos anteriores non están de acordo en que dedique 190.000 € a gasto corrente, xa que a oposición pérdelle a pista a eses cartos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que vai votar en contra porque lle parece estraño o gasto corrente. En canto ás pistas que van asfaltar, pregunta porque esas si e non outras. Votará a favor cando teñan un plan director que en teoría están elaborando.

Respecto ao plan complementario, pregunta se a EDAR de bazar vai dar para toda a parroquia de Vedra, se se vai ampliar e se teñen a seguridade de que a capacidade da mesma é suficiente.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e un en contra do BNG.

3º.- Informe, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE de apoio á mobilización de atención primaria.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que presentan esta moción porque son coñecedores do malestar que hai entre os veciños deste concello sobre o funcionamento da atención primaria. Converteuse nun costume que non se cubran as baixas nin as vacacións.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, na que expoñen que a situación da atención primaria está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra.

Sinalan ademais que os recortes da última década amósanse agora con toda a crueza e a perda de investimento de 140 millóns de euros menos do orzamento de atención primaria con respecto ao 2009 e cerca de 1000 profesionais menos repercuten agora nun sistema sanitario saturado e con profesionais precarios.

A falta de recoñecemento e valoración do traballo levado a cabo por estes profesionais polos dirixentes provoca ademais que médicos en formación eviten a atención primaria das súas condicións de traballo.

Dende o 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para a atención primaria. Se ben o nivel formativo habilitado polo goberno do Estado para novos profesionais médicos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



en 2023 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico interno residente), EIR (Enfermería interna residente) ou outras especialidades para poder convocar, chegando a 725 só para a nosa Comunidade Autónoma, o Goberno de Galicia anunciou a convocatoria de 620 prazas, deixando 100 sen ofertar.

Esta situación evidencia problemas en torno ao sistema, que se notan especialmente en atención primaria e nas urxencias hospitalarias:

*Nos centros de saúde e PAC, con obvias dificultades e complicacións para que os centros estean totalmente cubertos na medida que necesiten.

*Nos servizos de urxencias hospitalarias, que sofren a saturación provocada polo funcionamento ineficiente dos centros de saúde e PACs.

*Tamén existen problemas con hospitais comarcais que perderon capacidade de autoxestión e hoxe ven como perden profesionais ou na dotación de ambulancias para cubrir todo o territorio, alimentando a existencia dun sistema sanitario de diferentes velocidades en función de onde vivan os cidadáns.

Este escenario estanos a levar a un incremento evidente de malestar da cidadanía e dos propios profesionais. As continuas mobilizacións e protestas cidadás durante os últimos anos evidencian a crecente contestación social existente co Goberno galego.

Ante esta situación, e polo que afecta a este concello, propóñenlle ao Pleno:

1º.- Amosar o seu apoio á mobilización cidadá convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública en Santiago de Compostela o día 12 de febreiro, sumándose ao que numerosas organizacións, colectivos e persoas a título persoal veñen facendo durante as últimas semanas.

2º.- Impulsar a axuda para a recollida de sinaturas que promovan a presentación da ILP para a mellora de atención primaria que fomenta SOS Sanidade Pública.

3º.- Instar ao goberno de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, especialmente no ámbito da atención primaria para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellore as condicións laborais para poder contribuír a ter máis profesionais que permitan atender á poboación coa maior calidade asistencial posible.

A voceira do PSdeG-PSOE di que a sanidade pública vén sufrindo un deterioro que non se pode permitir. Hai que trata de revertelo e entende que a sanidade non pode ser un negocio. Neste país a atención primaria sempre foi considerada como excelente, e aínda hoxe en día, a pesares das dificultades, persoas que veñen doutros países quedan sorprendidas.

A calidade asistencial mingua, as listas de agarda aumentan, e se ben é certo que calquera pode recibir a asistencia sanitaria, tamén o é que no diagnóstico e na présa está a maioría das veces o remedio.

O escandaloso é o que está pasando coa atención primaria. Segue querendo ir ao médico coa tarxeta sanitaria, e se non se remedia a situación terá que acabar facéndoo coa de crédito.

O goberno galego ten a capacidade, ten a responsabilidade e ten que poñer os recursos para atender este grito social e dos propios profesionais.

Solicita o apoio á moción.



Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que está de acordo coa moción e que a vai apoiar e insta á poboación do concello a acudir á convocatoria do día doce.

Todos teñen claro que a sanidade está a sufrir un deterioro constante e cada vez maior e que necesita moita axuda, sobre todo en áreas como a atención primaria, que é fundamental na atención sanitaria.

Segundo estatísticas, precísase un médico cada 1.500 habitantes e hoxe en día non se cumpre.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que dende o seu partido son conscientes de que a saúde é un tema que preocupa á poboación. Tamén son conscientes de que a sanidade, ao igual cá educación e a política social, son espazos para maiores inversións, e sempre todo o que se faga vai ser insuficiente.

Por outro lado hai varios matices importantes na moción e razóns polas que non poden votar a moción do grupo socialista.

A plataforma SOS-Sanidade pública, e sobre todo a persoa que a representa, ás veces parece que ten máis interese en atacar á Xunta de Galicia e ao PP que defender a sanidade pública. É unha organización partidista, na que o seu voceiro (Manuel Martín García) é un médico que foi membro do consello asesor sanitario de Galicia canda gobernaba o bipartito, pero tamén presidía esta asociación. Cando era o goberno de esquerdas en Galicia, escribiu un artigo no que dicía o seguinte respecto dos PACs: “*Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción del actual número de puntos, un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial*”. Daquela compaxinaba ese asesoramento ao bipartito proponendo pechar PACs coa presidencia dunha presunta plataforma en defensa da sanidade pública que, en realidade, defendía ao goberno.

As protestas sobre o tema da sanidade levan moitos anos, con distintos gobernos, tanto a nivel de Estado como de Comunidades Autónomas.

Noutro informe, fixo un comunicado cuestionando os paros que convocan sindicatos “*co apoio dos colexios médicos, reduto tradicional dos sectores máis conservadores da profesión médica. La entidad cuestiona incluso algunas de las reivindicaciones de los facultativos, ya que señala que su negativa a hacer guardias con carácter obligatorio choca con una realidad en la que no hay bolsa de médicos en paro*”.

Interrompe a voceira socialista para dicir que a ela non lle preocupa nin interesa quen é e que fixo esa persoa. Impórtalle saber se o PP vai apoiar a moción ou non e invitar aos veciños de Vedra a que acudan á mobilización do día doce.

O Sr. Costa Carneiro replica que a lexitimidade que presenta apoiar esta asociación para el ten unha credibilidade dubidosa. Tanto a moción como a iniciativa lexislativa popular parten de premisas erróneas (nin houbo recortes na sanidade pública nin aumento da sanidade privada).

Din na moción: “Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crueza, e obsérvase como a perda de investimento ...”

O Orzamento do SERGAS aumentou un 36% en relación co que aprobou o bipartito para o ano 2009. Mentres aquel tiña 3.655 millóns, o de 2023 chega aos 4.972 millóns de euros. 1.317 millóns máis.

E non se trata só de investimento en construción de hospitais (que tamén), senón que unha moi boa parte é investimento en persoal.

En relación ao 2009, os orzamentos en gastos de persoal aumentaron un 29,5% (máis de 458 millóns de euros): no ano 2009: 1.556 millóns de euros para todo o persoal do Sergas. No ano 2023: 2.014 millóns de euros para todo o persoal do Sergas.



Así mesmo, nunca antes houbo tantos profesionais contratados (máis de 43.200, un 19% máis que en 2008, cando había 36.256): máis de 7.000 profesionais máis ao día traballando na sanidade pública respecto a cando gobernaba a esquerda:

A valoración de que a sanidade sexa mellor ou peor é algo subxectivo, pero os datos obxectivos non son discutibles. Na moción, tanto como na iniciativa lexislativa popular, parece que ignoran que o problema de déficit de médicos de familia prodúcese en Galicia do mesmo xeito que no resto das comunidades autónomas gobernadas por diferentes cores políticas.

Se a situación de falta de profesionais en Galicia estivese directamente relacionada coa política sanitaria da Xunta, é bastante difícil de explicar que esta situación se repita de xeito idéntico noutras comunidades autónomas, sobre todo en comunidades nas que, en teoría, a política sanitaria é diferente pois nelas gobernan partidos que aquí sosteñen que farían unha xestión totalmente distinta á que a Xunta está a facer.

Están de acordo en que se precisaría máis profesionais, tanto en atención primaria como noutras especialidades. É unha realidade que o sistema sanitario español ten un problema de profesionais en todas as comunidades.

Por outro lado, os partidos e a plataforma que apoian esta moción opóñense sistematicamente a calquera proposta da Xunta de Galicia.

No diario NOS, que poden consultar mesmo no concello, o día 28 deste mes de xaneiro recollen que Galicia é a comunidade do Estado con maior aceptación da sanidade pública.

Por estes motivos e outros non van apoiar a moción.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que os datos cada un interprétaos á súa maneira. En Galicia púidose optar a máis profesionais e a Xunta non quixo. Se o orzamento que aumentaron para a sanidade non se dedica á mesma, non serve para nada. O que está reivindicando é que se cubran as prazas todas que se propuxeron para MIR, e agora que hai esas prazas o goberno da Xunta non as vai contratar.

Non está de acordo en que sexa un problema de toda España. Non todas as comunidades están igual nin teñen o mesmo nivel de precariedade. Hai persoas que van traballar a outras comunidades porque aquí cada vez a situación é máis precaria.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que se dende o 2009 non se aumentara o orzamento, sería cousa mala. Pode ser que outras comunidades estean na mesma situación, pero quen ten as competencias en Galicia en materia sanitaria é a Xunta e teñen que reivindicar o que lle corresponde. Agora un paciente acode a un especialista e queda anotado na lista de agarda, cando antes saía coa data da cita; as revisións agora son cada sete ou oito meses cando antes eran cada catro.

O Sr Costa Carneiro do PP di que durante o mandato do bipartito cubríronse o 60 % das prazas MIR, e a partir dos anos da Xunta de Galicia gobernada polo PP cubríronse o 100 % e reclamábanse todos os anos máis prazas.

A voceira do grupo socialista di que iso é mentira.

O Sr. Costa Carneiro di que no ano 2022 en Galicia quedaron dez prazas MIR sen cubrir porque o Estado cambiou o sistema de elección de prazas MIR para que as persoas aspirantes coñezan en tempo real as prazas dispoñibles.

Parte dos datos que deu son extraídos do Ministerio de Sanidade do goberno que preside o Estado, non da Xunta de Galicia e as cifras dos orzamentos son dun documento público. Houbo unha serie de demandas de reformas que son competencia do goberno central que non as fai só a



Xunta senón que foron plasmadas nun manifesto redactado conxuntamente co Goberno Vasco e ao que logo se sumaron outras cinco comunidades autónomas de distinto signo político (Andalucía, Cataluña, Madrid, Castela e León e Murcia) e que xunto a Galicia e País Vasco representan ao 67% da poboación española. Demandas de cambio no sistema de elección de prazas MIR que aínda non foron aceptadas a día de hoxe.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que os datos da moción tamén son reais, non inventados. Pregunta se o grupo de goberno cre que é necesario dedicar máis fondos á atención primaria por parte da Xunta de Galicia e se se necesitan máis profesionais. Está disposta a quedar só con eses dous puntos da moción.

Posta a votación rexéitase con oito votos en contra do PP e catro a favor do PSdeG-PSOE e BNG.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á relación de pistas incluídas no plan PIR da Xunta de Galicia, di que é unha en Illobre, outra en San Mamede un pouco máis para arriba do bar O'98 e en San Pedro de Sarandón a que vai de Cubelas a Ribeira.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o número de habitantes do concello a 31 de decembro do 2022, di que son 5.037. Están pendentes as baixas que se produciran en decembro e outros axustes que fai o INE.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre que o grupo de goberno conte na toma de decisións co grupo socialista para ver que obras se poden facer co POS+ Adicional 2023, di que é un rogo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cantas persoas usan o servizo de recarga de coches eléctricos, a Presidencia contesta que dende maio a 31 de decembro fixéronse 186 recargas.

2º.- Respecto a se están regalando grava e area a algúns veciños e por que, A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que dende hai moitos anos o concello proporcionalle aos veciños que o solicitan vales para a retirada de area e grava en base ao convenio establecido entre o concello e a empresa concesionaria da canteira.

3º.- Sobre a pista de skate, di que é un comentario.

4º.- Respecto a que o grupo de goberno conte na toma de decisións co grupo nacionalista para ver que obras se poden facer co POS+ Adicional 2023, di que é un rogo.

5º.- Sobre se van arranxar algunhas pistas e camiños máis das que xa se falara, a Presidencia di que algunhas pistas interiores estreitas de aldeas, serán asfaltadas pola brigada de obras municipal cando o tempo o permita.

--Á pregunta formulada por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto ao contrato de xestión do pavillón, di que venceu durante a pandemia a finais de 2020.

5º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- pregunta como está a obra de saneamento en Santa Cruz e San Mamede que vai levar a cabo a Xunta de Galicia, en que fase está, se está adxudicada e se hai un enlace onde poida ver o proxecto.

2º.- Roga que utilicen o boletín de información municipal para facer algo de pedagogía e concienciación respecto da recollida do lixo a maiores das charlas que se estiveron dando agora polo tema dos biorresiduos.

3º.- Pregunta se hai algún punto de recollida de pilas. Propón que poñan un por parroquia.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Sinala que noutros concellos teñen uns pequenos puntos limpos para recoller ese tipo de residuos que dixo a súa compañeira.

2º.- Pregunta como está a obra de abastecemento de auga dos veciños de Texo en San Fins.

3º.- Por xubilación perdeuse un especialista no centro de saúde, a matrona, e pregunta como vai quedar ese servizo agora.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta cada cantos días se recollen os colectores amarelos, porque estes días están todos cheos.

2º.- Pregunta que sucedeu co punto de recarga de coches eléctricos situado na estación de tren, xa que ten un cartel que di que está avariado.

3º.- Recorda que no mes de xullo preguntara pola senda peonil que falta dende a ponte da autopista en San Fins ata a estrada nacional, e que o Alcalde comprometera facer nesta lexislatura. Non viu nada previsto para esa obra no orzamento municipal. Solicita que se faga porque é unha zona de entrada ao concello con moito tránsito de vehículos.

4º.- Pregunta por que se deixou de celebrar o Entroido municipal de Vedra.

5º.- Pregunta como está o tema do centro de día e o espazo público de San Xián.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Fai fincapé na reunión que ían ter respecto do centro de día. Hoxe saíu na prensa que o actual alcalde de Boqueixón non se presenta á reelección e pregunta se van deixar a reunión para despois de maio agora que están en campaña electoral.

2º.- Pregunta se a Presidencia solicitou unha cita con ADIF para tratar o peche do camiño en Gundián.

3º.- Pregunta se ten previsto a ampliación da EDAR de Bazar.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, quere facer unha felicitación polas cen persoas máis censadas en Vedra no último trimestre do ano.

Conclúe ao fio das vinte unha horas e trinta e cinco minutos.